

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O  
DÍA 26 DE NOVIEMBRE DE 2009**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Gumersindo A. Rodríguez Liz

**CONCELLEIROS:**

Dna. Verónica Arias López  
D. José Rodríguez Pérez  
D. José López Díaz  
D. José Luis Díaz López  
D. Pablo Armesto Rodríguez

No salón de Sesiões da Casa Consistorial de O Páramo (Lugo), sendo as 19:50 horas do día 26 de novembro do ano 2.009, e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, reúnese en 1º convocatoria o Pleno desta Corporación coa asistencia dos Sres. Concelleiros expresados á marxe.

Da fe do acto a Secretaria titular da Corporación, Dna. Begoña Carrasco García.

Non asiste á sesión a Sra. Concelleira do PP Dna Begoña González López; nin a Sra. Concelleira do PSOE, Dna. Yolanda Vázquez López; nin a Sra. Concelleira do BNG, Dna. M Jesús Gil Castro.

Aberta a sesión pola Presidencia, pásase a análise dos puntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR.-**

Pola Presidencia sométese á aprobación do Pleno o borrador da acta da sesión anterior de 30 de outubro de 2009, quedando aprobada por unanimidade dos presentes.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**2.- DACIÓN CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.-**

Pola Presidencia dase conta dos Decretos, dende a sesión de 30 de outubro de 2009 ata a sesión do día de hoxe, manifestándolles aos señores concelleiros que están a súa disposición na Secretaría do Concello para o seu examen e consulta.

**Decreto nº 69 de 30 de Outubro:** Adxudicación provisional da subministración vehículo adaptado para persoas maiores ou minusválidos.

**Decreto nº 70 de 30 Outubro:** Modificación do servizo de axuda a domicilio de Justa López Rodríguez.

**Decreto nº 71 de 30 Outubro:** Modificación do servizo de axuda a domicilio de Dolores López López.

**Decreto nº 72 de 30 Outubro:** Recoñecemento a D. Emilio Castro López dos servizos que figuran no seu programa Individual de Atención que foi acordado na Delegación de Traballo e Benestar de Lugo.

**Decreto nº 73 de 30 Outubro:** Modificación do servizo de axuda a domicilio de Matilde López Quintián.

**Decreto nº 74 de 30 Outubro:** Recoñecemento a Dna. Enedina López Rodríguez os servizos que figuran no seu programa individual de atención que foi acordado na Delegación Provincial de Traballo e Benestar de Lugo.

**Decreto nº 75 de 30 Outubro:** Concesión do servizo de Axuda a Domicilio a favor de Dna. Saleta Liz López.

**Decreto nº 76 de 31 de Outubro:** Aprobación do expediente de modificación de créditos nº 13 sobre transferencia entre partidas do mesmo grupo de función.

**Decreto nº 77 de 13 de Novembro:** Adxudicación definitiva do contrato de subministración do vehículo adaptado a persoas maiores ou discapacitados.

**Decreto nº 78 de 13 de Novembro:** Aprobación expediente modificación de créditos nº 14 sobre transferencias de crédito entre partidas do mesmo grupo de función.

**Decreto nº 79 de 13 de Novembro:** Aprobación dos seguintes gastos: Librería Bande, factura nº 1219 de data 29/09/2009; Librería Bande, factura nº 1220 de data 29/09/2009; Concello de Sarria, coste anual CIM; Xulgado de Paz, gratificacións de Setembro e Outubro.

**Decreto nº 80 de 16 de Novembro:** Aprobación das seguintes facturas: El Edén del Paladar, factura nº a/218 de data 31/07/2009; Trebol Musical SL, factura nº 254 de data 13/11/2009; Sagón Publicidad factura nº 667 de data 30/06/2009.

**Decreto nº 81 de 16 de Novembro:** Aprobación da seguinte factura: Barcas do Minho factura nº 13/09 de data 16/11/2009.

**Decreto nº 82 de 23 de Novembro:** Aprobación das seguintes facturas: Wurth, factura nº 686117 de data 08/06/2009; Wurth, factura nº 710018 de data 12/06/2009; Wurth, factura nº 767219 de data 25/06/2009; Wurth, factura nº 763450, de data 25/06/2009; Wurth, factura nº 769351, de data 26/06/2009.

**Decreto nº 83 de 23 de Novembro:** Recoñecemento do 2º trienio a favor de Begoña Carrasco García.

**Decreto nº 84 de de 26 novembro:** Aprobación da factura do vehículo adaptado a persoas maiores ou discapacitados.

Queda decatado o Pleno da Corporación.

**3.-INCLUSIÓN NO VINDEIRO CONCURSO ORDINARIO DA PRAZA DE SECRETARÍA INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE O PARAMO, APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA E NOMEAMENTO DE COMISIÓN AVALIADORA.-**

Partindo de que a praza de Secretaría Intervención correspondente a este Concello atópase vacante a día de hoxe, e considerando a importancia de dotala de titular en propiedade, procede incluíla no vindeiro concurso ordinario que se convoque, conforme ao disposto no Decreto 49/2009 de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal, e demais lexislación aplicable,

Sendo preciso para elo, aprobar unhas bases que rexerán a convocatoria desta praza, e debéndose remitir toda a documentación antes do 10 de febreiro á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia,

Sometido o asunto ao Pleno, como órgano competente ao respecto, de conformidade co Decreto 49/2009 de 26 de febreiro, e por unanimidade dos membros asistentes, adóptase o seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro:** Incluir a praza de Secretaría Intervención do Concello de O Páramo( Lugo) no vindeiro concurso ordinario, sendo as características das mesma as seguintes:

Nome do posto: Secretaria intervención

Clase: Terceira

Subescala: Secretaria Intervención

Complemento de destino:29

Complemento específico: 20.770,18 € brutos divididos en 14 pagas.

**Segundo:** Aprobar as bases da convocatoria correspondentes ao concurso ordinario da praza de secretaria intervención do concello de O Páramo, provincia de Lugo, como figura de seguido:

**MERITOS ESPECÍFICOS CONCELLO DE O PÁRAMO**

**A. SERVIZOS PRESTADOS**

A puntuación máxima por este apartado será de 3,60 puntos.

A.1.- Por servizos prestados como Secretario-Interventor en Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, con encoros afectados pola Lei 15/2008 de 19 de Decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos y aproveitamentos de auga encorada, cando durante a prestación do servizo dita lei entrase en vigor. 0,10 por mes de servizo ou fracción ata un máximo de 1,15 puntos.

A.2.- Por servizos prestados como Secretario-Interventor en Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con menos de 2000 habitantes que contén con espazos naturais que formando parte da rede mundial de reservas da biosfera, se atopan afectados pola Lei 9/2001 de 21 de agosto, de conservación da natureza: 0,10 puntos por mes de servizo ou fracción ata un máximo de 1,15 puntos.

A.3.- Por servizos prestados en postos de traballo reservados a funcionarios de habilitación de carácter estatal da subescala de secretaría, categoría de entrada ou superior: 0,07 por mes de servizo ou fracción ata un máximo de 1,10 puntos.

A.4.- Por servizos prestados como Secretario-Interventor en Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, con levanza efectiva da Secretaría do Xulgado de Paz do Concello: 0,07 puntos por mes de servizo ou fracción ata un máximo de 0,20 puntos.

A efectos de valoración dos subapartados anteriores consideraranse os servizos prestados tanto con carácter definitivo como por calquera das formas de provisión previstas no artigo 10.2 do Real Decreto 1732/1994 de 29 de Xullo.

## **B) CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO.-**

A Puntuación máxima por este apartado será de 1,90 puntos.

Valoraranse os cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, Administracións Públicas, Escolas Públicas Oficiais de funcionarios e universidades, ou entidades públicas ou privadas ao abeiro dos acordos de Formación Continua para as Administracións Públicas.

Non se valorarán os diplomas relativos á realización de congresos, conferencias, seminarios, xornadas, simposios, encontros e semellantes, nin aqueles cursos realizados con

máis de 15 anos de antelación á data da resolución pola que se aproba a convocatoria do concurso.

Materias sobre as que deberán versar os cursos e puntuación máxima en relación a cada unha delas:

**B.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA: Máximo de 0,60 puntos**

Cursos de 16 a 49 horas: 0,10 puntos  
Cursos de 50 a 120 horas: 0,20 puntos  
Cursos de máis de 120 horas: 0,60 puntos

**B.2 URBANISMO: Máximo 0,40 puntos**

Cursos de 16 a 29 horas: 0,05 puntos  
Cursos de 30 a 70 horas: 0,15 puntos  
Cursos de máis de 70 horas: 0,20 puntos

**B.3 SERVICIOS PÚBLICOS: Máximo 0,25 puntos**

Cursos de 16 a 29 horas: 0,05 puntos  
Cursos de 30 a 39 horas: 0,10 puntos  
Cursos de máis de 39 horas: 0,15 puntos

**B.4 SUBVENCIONES: Máximo 0,25 puntos**

Cursos de 16 a 29 horas: 0,05 puntos  
Cursos de 30 a 39 horas: 0,10 puntos  
Cursos de máis de 39 horas: 0,15 puntos

**B.5 FUNCIÓN PÚBLICA: Máximo de 0,25 puntos**

Cursos de 16 a 29 horas: 0,05 puntos  
Cursos de 30 a 39 horas: 0,10 puntos  
Cursos de máis de 39 horas: 0,15 puntos

**B.6 CONTABILIDADE. TESOURERÍA OU RECADACIÓN TRIBUTARIA: Máximo de 0,15 puntos.**

Cursos de 16 a 29 horas: 0,05 puntos  
Cursos de máis de 29 horas: 0,10 puntos

**C. EJERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS**

A puntuación máxima por este apartado será de 2,00 puntos.

--- Polo exercicio da abogacía na Comunidade Autónoma de Galicia: 0,25 por mes ou fracción ata un máximo de 2,00 puntos.

**MEDIOS DE ACREDITACIÓN OU VALORACIÓN**

--- Apartado servizos prestados: A acreditación destes méritos farase mediante certificado expedido polas entidades nas que foron prestados os servizos. O Subapartado A.4 acreditarase mediante o nomeamento efectuado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

--- Apartado cursos de formación e perfeccionamento: A acreditación realizarase mediante orixinal ou fotocopia cotexada do título, diploma ou certificado suficiente expedido polas institucións ou organismos organizadores dos mesmos.

--- Exercicio de actividades privadas: acreditarase mediante certificado de colexiación como abogado en exercicio expedida polo colexio de abogados correspondente.

Entrevista: Non se prevé a realización de entrevista.

### **XUSTIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS.-**

#### **Respecto do apartado de servizos prestados:**

**A.1.-** Por servizos prestados como Secretario Interventor en Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, con encoros afectados pola Lei 15/2008 de 19 de Decembro, do imposto sobre do dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga encorada, cando durante a prestación do servizo dita lei entrase en vigor. 0,10 por mes de servizo ou fracción ata un máximo de 1,15 puntos.

Xustifícase a inclusión deste mérito debido á especial complexidade dos criterios de afectación dos ingresos recadados por este imposto, así como do seu posterior reparto entre os concellos afectados directa ou indirectamente polos danos medioambientais gravados.

**A.2.---** Por servizos prestados como Secretario Interventor en Concello da Comunidade Autónoma de Galicia con menos de 2000 habitantes que contén con espazos naturais que formando parte da rede mundial de reservas da biosfera, se atopan afectados pola Lei 9/2001 de 21 de agosto, de conservación da natureza: 0,10 puntos por mes de servizo ou fracción ata un máximo de 1,15 puntos.

Xustifícase a inclusión deste mérito debido ás características especiais desta figura de protección dos elementos naturais existentes e formas tradicionais de explotación sostible dos recursos naturais, que fan necesaria a experiencia na materia, xa que nos concellos de

pequena poboación, carécese de técnico especialista en medioambiente.

**A.3---** Por servizos prestados en postos de traballo reservados a funcionarios de habilitación de carácter estatal da subescala de secretaría, categoría de entrada ou superior 0,07 por mes de servizo ou fracción ata un máximo de 1,10 puntos.

Xustifícase a inclusión deste mérito pola experiencia adquirida na tramitación de expedientes de maior complexidade xurídica.

**A.4.---** Por servizos prestados como Secretario Interventor en Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, con levanza efectiva da Secretería do Xulgado de Paz do Concello 0,07 puntos por mes de servizo ou fracción ata un máximo de 0,20 puntos.

Xustifícase a inclusión deste mérito debido á asunción da Secretarái do Xulgado por persoal do Concello con experiencia na materia.

**Respecto ao apartado de curso de formación e perfeccionamento:**Xustifícase a valoración dos cursos de formación pola súa directa relación co traballo a desenvolver neste Concello.

**Respecto ao apartado exercicio de actividades privadas:**Xustifícase a inclusión deste mérito debido á experiencia adquirida no ámbito xudicial e privado.

**MÉRITOS XERAIS:** A valoración de méritos xerais efectuarase de conformidade co disposto na normativa estatal reguladora, ata un total de 19,5 puntos.

**MÉRITOS DE VALORACIÓN AUTONÓMICA:** A valoración dos méritos autonómicos efectuarase de conformidade co disposto no Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, ata un máximo de 3 puntos.

**COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:** De co establecido no Decreto 103/2008, do 8 de Maio, esíxese como requisito o coñecemento do idioma galego, que se acreditará mediante a presentación, coa solicitude de participación no concurso ou a petición de cobertura do posto, da documentación xustificativa de estar en posesión do certificado da lingua galega (celga 4) ou do seu equivalente debidamente homologado.

**Terceiro:** Expoñer ao público o presente acordo durante o prazo de 15 días, entendéndose aprobado de forma definitiva se non se presentaren reclamacións ao respecto, remitindo a aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia.

#### **4. PROPOSTA SOBRE O USO DA ANTIGA PRISIÓN DE SARRIA.-**

Seguidamente dase conta da proposta sobre destino da antiga prisión preventiva do partido xudicial de Sarria.

*Por iniciativa das representacións dos Concellos do Partido Xudicial de Sarria, e consonte ao Real Decreto de 18 de Xaneiro de 1915, foi creada, por Real Decreto publicado na Gaceta de Madrid o 29 de maio de 1919, a XUNTA DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA PRISIÓN PREVENTIVA DE SARRIA.*

*O Concello de Sarria fixo doazón ao Estado do soar destinado á construción da prisión preventiva, e a Xunta de Reforma e Ampliación da Prisión Preventiva, correu coa total aprotación económica necesaria para realización das obras, froito dos fondos facilitados polos Concellos de O Incio, Lánzar, Paradel, O Páramo, Samos e Sarria, en proporción ao número de habitantes de cada un deles, de maneira que en reunión da Xunta celebrada en Sarria o 9 de Decembro de 1922, acordouse sacar a subasta a construción, segundo proxecto do arquitecto D. Nemesio Cobreros, pasando a cumprir a súa función no bienio 1928/1930.*

*Como prisión preventida do Partido Xudicial de Sarria estivo en funcionamento ata que pasou a ser destinada a Depósito Municipal de Detidos, baixo a atención do Concello de Sarria, que a el destinou un Garda Municipal, con residencia no edificio, para a atención dos detidos.*

*Usado o edificio por algún tempo como albergue para peregrinos e transeúntes, foi recentemente obxecto de diversas obras de acondicionamento, consolidación e mellora, sempre pola conta do Concello de Sarria, mediando consentimento dos demais concellos, sendo desexable que, por ser propiedade dos referidos Municipios, poda adicarse a fins culturais e sociais ou de representación, con especial incidencia na potenciación dos valores comarcais, para o que se fai preciso que, con concurso de todos os Concellos copropietarios da antiga prisión preventiva, se proceda a xestionar a reversión dos terreos cedidos ao Estado para a construción da mesma, e á desafección total de terreos e edificación, de maneira que a titularidade sexa plenamente recuperada polos Concellos*

*promotores, para adicala a finalidades culturais, sociais, muscisticas ou calisquera outras que resulten de interese para a comarca.*

*Por estas razóns proponse a adopción do seguinte ACORDO:*

*1º.- O Concello de O Páramo, cotitular da antiga prisión preventiva de Sarria, adhírese as xestións iniciadas polo Concello de Sarria para a consecución da reversión dos terreos no seu día cedidos ao Estado para que riba deles, e con fondos dos Concellos do Partido Xudicial de Sarria, se alzase a prisión preventiva promovida pola Xunta de Reforma e ampliación da prisión preventiva do partido, e sufragada por estes.*

*2º.- Autorizar, da maneira máis ampla e precedente en dereito, ao Concello de Sarria para que o edificio da antia prisión preventiva, nas súas distintas dependencias, sexa destinado a fins culturais, sociais ou de representación de interese comarcal, e en especial, sexan destinados espazos para fins musesticos, divulgativos e de exposicións temáticas relacionados coa Comarca.*

Tras unha serie de intervencións de aclaración, o Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO:O Concello de O Páramo, cotitular da antiga prisión preventiva de Sarria, adhírese as xestións iniciadas polo Concello de Sarria para a consecución da reversión dos terreos no seu día cedidos ao Estado para que riba deles, e con fondos dos Concellos do Partido Xudicial de Sarria, se alzase a prisión preventiva promovida pola Xunta de Reforma e ampliación da prisión preventiva do partido, e sufragada por estes.

SEGUNDO:Remitir certificación do presente acordo ó Concello de Sarria.

## **5. PROPOSTA SOBRE SECTOR AGRÍCOLA E GANDEIRO.-**

A continuación dase conta da moción sobre a mobilización promovida polas organizacións agrarias españolas e a convocatoria dun paro agrario e manifestación en Madrid, mediante a lectura do escrito remitido por as citadas organizacións á Alcaldía

*Estimado Alcalde:*

*Como probablemente conocerá, el sector agrario se movilizará convocado por las organizaciones agrarias*

españolas, junto con el apoyo de las cooperativas agroalimentarias españolas, los próximos 20 y 21 de noviembre. Estas movilizaciones consistirán en un "Paro Agrario" en toda España que implicará no sólo al conjunto de agricultores y ganaderos sino también a todas sus cooperativas, agrupaciones, empresas auxiliares etc. Junto con una gran manifestación en Madrid el 21 de noviembre.

El motivo de estas movilizaciones no es otro que mostrar a la sociedad nuestra situación de asfixia económica. La problemática del campo en los últimos tiempos puede resumirse en una sola frase: falta de rentabilidad de nuestras explotaciones. Hoy podemos decir que todos los sectores están en crisis, desde el lácteo hasta el cerealista pasando por el vino, frutas y hortalizas, ovino, porcino... Si profundizamos un poco, no cabe duda que la grave situación por la que atraviesa el sector agrario tiene su origen en una profunda crisis de mercado con precios de nuestros productos hundidos y costes de producción disparados.

Por todo ello, le solicitamos sea debatida, y en su caso aprobada la siguiente moción:

**"EL AYUNTAMIENTO DE O PÁRAMO SE SOLIDARIZA CON EL SECTOR AGRÍCOLA Y GANADERO ESPAÑOL AL QUE CONSIDERA SECTOR ESTRATÉGICO, VITAL PARA EL DESARROLLO DEL MUNDO RURAL".**

O Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro: O Concello de O Páramo solidarízase co sector agrícola e gandeiro español, ó que considera sector estratéxico, vital para o desenrolo do mundo rural.

Segundo: Remitir certificación deste acordo á Comisión de Medio Ambiente, Agricultura e Pesca do Congreso dos Diputados.

## **6.MOCIÓN S GRUPOS MUNICIPAIS.-**

Non se presentou ningunha moción.

## **7.-INFORMES ALCALDÍA.-**

O Sr. Alcalde solicita dos Srs. Concelleiros se manifesten sobre as posibles datas de celebración da Cena de Navidad.

O Sr. Alcalde informa aos Srs. Concelleiros da reunión mantida co director do equipo redactor do Plan Xeral de Ordeación Municipal, despois da reunión co subdirector xeral de urbanismo en Santiago. Así informa da posible ubicación do cementerio e do tanatorio, así como ás limitacións en relación a clasificación do chan.

## **8-ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **Rogos.-**

Non hai.

### **Preguntas.-**

---O sr. Concelleiro do Grupo Tega pregunta polo uso da furgoneta para servizos sociais.

O sr. Alcalde contesta que é para o desplazamento das persoas maiores ou discapacitados do Concello, para o acceso a medicinas, víveres e para ir ao médico, será un servizo previa cita, e será conducida por persoal do Concello.

---O sr. concelleiro do PSOE pregunta pola noticia de prensa do campo da feira e sobre os posibles actos de gamberrismo, si se fixeron ás pertinentes denuncias ante a guardia civil, asímesmo pregunta pola referencia que fai a prensa á motivación política.

O sr. Alcalde responde que non era esa a súa intención, e que a prensa fala dun veciño pero non sabe si é de Páramo ou non, é alguén que atenta contra os intereses do Concello, pero descoñece ás motivación que o moven. Respecto ás denuncias ante a Garda Civil aínda non se fixeron, pero manifesta o sr. Alcalde a súa intención de facelas.

--- O sr. Concelleiro do Grupo Tega pregunta polo servizo de recollida de lixo e o seu mal funcionamento. O Sr Alcalde manifesta a súa intención de facer un novo procedemento de contratación para o servizo.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 21:35 horas do día ao principio indicado, de todo o cal eu o Secretario dou fe.